

A deterioración ambiental que sofre o noso planeta expresase como contaminación, perda da calidade dos recursos e esgotamento dos mesmos, ademais de cataclismos e catástrofes de diversa índole e unha pobreza crescente.

O ecoloxismo non pode permanecer alleo ao problema da miseria, manifestado pola caréncia dos recursos mínimos para unha vida digna por parte dunha grande porcentaxe da poboación do planeta. O dereito básico á vida está a ser negado polo actual modelo político-económico-social a millóns de persoas.

A inxustiza e a deterioración ambiental teñen pois unha raíz común e a particularidade de que unha reforza a outra, ou a existencia dunha reforza as consecuencias negativas da outra. Estamos diante dun modelo claramente insustentábel, tanto desde o punto de vista estritamente ambiental como social, insustentabilidade que se pon de manifesto a cada paso dunah forma mais nídia. Sen recorrermos á base mesma do modelo de produción-consumo imperante, o capitalismo, todo isto non tería explicación.

Globalización neoliberal e deterioración ambiental

A mundialización supón hoxe a dominación do sistema económico capitalista sobre o espazo mundial, nun proceso guiado por organizacións multilaterais como o FMI, BM, OMC..., que estimulan, orientan, financian ou imponen as directrices a seren adoptadas polos Estados, sen prexuízo de que estes organismos respondan aos intereses das transnacionais e dos países dominantes.

O actual proceso de globalización consiste ante todo nunha exacerbación da acumulación capitalista; exacerbación que se realiza por diferentes vías, entre elas a expansión das áreas de negocio a todo o planeta (expansión xeográfica que sobrepasa os Estados), e o incremento do montante monetario dunha mesma operación, dunha mesma infraestrutura ou dun mesmo servizo. Ambos os dous principios actúan de forma combinada: os axentes da acumulación internacional só promoverán solucións que podan aplicar de forma uniforme en amplas rexións do planeta, mui por encima dos actuais lindes estatais; e de entre as posibles solucións, elixen aquelas que centralicen máis capital, incluso aquelas máis caras.

Estamos nun momento histórico no que se acaba optando “democraticamente” por solucións caras e pouco satisfactorias: de elevado custo e tecnoloxía (nucleares, incineración,

transxénicos, autoestradas, avión, AVE, automóbil...), xa que a tecnoloxía mostra un elevado potencial para a centralización e a acumulación, de reducido emprego, e que se podan aplicar en amplas rexións (solucións que non requiren adaptacións locais, culturais, ambientais, etc).

Se o actual proceso de globalización conduce a solucións uniformes, caras, de tecnoloxía dura e reducido emprego, a conservación do meio ambiente entra directamente en confrontación con este modelo: as solucións ecolóxicas requiren unha forte adaptación local e tecnoloxías brandas, ao tempo que adoitan ser redistributivas e criadoras de emprego.

O actual proceso de globalización neoliberal é socialmente non sustentábel (inxusto). Algúns índices sócio-económicos son ben elocuentes do camiño que estamos a percorrer: Calcula-se que en 1820 o 20% máis rico da poboación mundial gañava 3 veces máis que o 20% máis pobre; en 1870 era de 7 a 1, en 1913 de 11 a 1, en 1960 de 30 a 1, en 1990 de 60 a 1, en 1997 de 74 a 1. Nada menos que 80 países teñen hoxe unha renda inferior á que tiñan hai unha década. O 20% máis rico da poboación mundial controla o 86% do PIB e o 82% das exportacións mundiais.

Asi mesmo, o actual proceso de globalización neoliberal é ambientalmente non sustentábel. De 1990 até 1995 cada ano desapareceron 101.724 quilómetros cadrados de bosque, e as emisións de dióxido de carbono per-cápita pasaron de 11,9 tm a 12,3 tm. A perda de biodiversidade non se lle atopa fin, e os tímidos obxectivos de Kioto de reducir as emisións con efecto invernadeiro aparecen agora rexeitados pola principal potencia económica do planeta, mentres os científicos do ICP anuncian que o aquecemento do planeta poder ser o dobre (mais de 5 °C) do previsto.

O incremento da industrialización e o crecemento económico leva a un incremento na xeración de residuos. Os países ricos, cun PNB 25 veces superior ao de moitos países do terceiro mundo, xeran 150 veces mais residuos *per cápita*. A conclusión é clara: non é posíbel universalizar o actual modelo económico dos países industrializados, por simples razóns de equilibrio ecolóxico ou de pura supervivencia.

Outro índice clarificador é o da pegada ecolóxica. Os recursos do planeta estiman-se actualmente en 2,1 hectáreas *per capita*, pero o uso promédio en todo o planeta é de 2,8 hectáreas *per capita*, por tanto, un 33% por encima do equilibrio que indicaría a sustentabilidade. Pero mentres a maioría dos países consumen menos de unha hectárea *per*

capita

os países industrializados están a deixar unha pegada ecolóxica de mais de 5 hectáreas *per capita*

, e incluso de mais de 10 no caso concreto dos EE.UU.

A mundialización das relacións e os intercámbios económicos encerra en si mesma aspectos ambientalmente negativos (mobilidade crescente de mercadorias e persoas), difíciles de evitar en calquera modelo económico que se considere. As limitacións á mundialización aplican tamén á mobilización e participación na reivindicación anti-globalización a escala planetaria.

Denuncia do empobrecimento e a perda de recursos autónomos

Neste excenario, en parte novedoso, o ecoloxismo ten que reafirmar-se nalgunhas das suas análises, reorientando outras e priorizando axeitadamente as actuacións mais urxentes.

Así, consideramos necesario prestar maior atención aos problemas de desigualdade social e á perda irreversible de recursos autónomos, desencadeada polo actual proceso globalizador, e que se está extendendo a extensas rexións e poboacións de todo o planeta. Por tanto, reafirmamo-nos na loita contra:

-

O crescente impacto ambiental das actividades económicas e sociais, a nivel local e planetario

-

As crescentes desigualdades sociais, en todas as escalas, tanto local como planetaria

-

A mercantilización do mundo, dos recursos naturais e das relacións sociais

-

O imperialismo: o dominio duns países sobre outros e duns grupos sobre a poboación en xeral

-

A guerra e a imposición de gobernos non democráticos

-

A dívida externa e as relacións económicas desiguais

Principios de actuación do ecoloxismo diante da globalización

-

A SOLIDARIEDADE: O recoñecimento da globalización social alternativa: a globalización dos dereitos humanos, os dereitos laborais, ambientais, etnicos, etc, interpretados dacordo coas culturas propias de cada povo

-

A DIVERSIDADE BIOLÓXICA E CULTURAL: valoradas como expresións positivas da natureza e das persoas e povos, o respecto ás mesmas e a súa perservación

-

A NON VIOLÉNCIA: A acción política e social e a reivindicación mediante métodos non violentos, sexan legais ou non legais como a desobediencia civil

-

A prevención e a precaución: como principios básicos de anticipar-se e solucionar os problemas ambientais derivados das actividades humanas

-

O DESENVOLVIMENTO AUTOCENTRADO: A autonomía e a independencia dos povos e das comunidades como única aportación duradeira e equitativa ao desenvolvemento humano.

-

O PRINCIPIO DE ACTUACIÓN LOCAL: a vixencia do lema "*pensa global, actua local*", diante da consideración de que tanto os problemas globais como as mellores solucións aos problemas locais requiren dun pensamento global e libre, e de que todas as solucións se han de viabilizar a nivel local.

-

A comunidade propia e o povo ou nación: como ámbito idóneo para a realización dun modelo de desenvolvemento sustentábel. Somos cidadás do mundo para o coñecimento e a solidariedade, pero só podemos ser plenamente cidadáns do noso povo ou nación.

-

A CIENCIA E A TECNOLOXIA AO SERVIZO DA HUMANIDADE: algunhas aplicacións tecnolóxicas han de ser limitadas ou mesmo prohibidas na súa totalidade. A algúns exemplos xa clásicos (tecnoloxía nuclear, DDT e outros biocidas, CFCs, PCBs, chumbo nos combustíbeis...), teríamos que sumar agora moitas das aplicacións dos organismos transxénicos, por exemplo.